

**INTERVENCIÓN DO
PRESIDENTE DO GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA
-Borrador susceptible de modificacións durante a intervención-**

**Debate de Política Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
Parlamento de Galicia
16 de marzo de 2010**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sra. Presidenta
Sras. e Sres. Deputados

Este debate chega nun momento clave. Tócanos afrontar os problemas de Galicia. O país que queremos e no que queremos vivir. Respetando sempre o noso territorio, a nosa lingua e a nosa cultura. Promovendo o seu desenvolvemento cara a unha sociedade responsable na procura do benestar dos seus cidadáns. Avanzando para garantir á nosa xente traballo e dignidade nunha sociedade competitiva.

Somos un país que desexa afondar no seu autogoberno, defendendo os seus sinais de identidade, e que anxeia progresar dende o respecto aos seus cidadáns, abrindo horizontes e creando oportunidades de desenvolvemento con carácter sostible.

Sras. e Sres. Deputados:

Ante a situación de crise máis importante que vive Galicia nos últimos anos, este Debate do Estado da Autonomía só pode ter un obxectivo: Aportar solucións para mellorar a vida dos nosos cidadáns. E débemolo facer con rigor, dende perspectivas lexítimamente distintas, pero buscando sempre puntos de encontro que dean alternativas aos grandes problemas do país.

Non é tempo para dogmas, nin para adoptar visións excluíntes. É o momento do compromiso con Galicia, cos galegos e coas galegas, sen voluntarismos estériles, senon realizando unha análise realista que defina as solucións posibles.

(Permítanme que por deformación profesional, intente definir a situación, facendo, primeiro, un diagnóstico dos nosos problemas, e logo buscando o tratamento axeitado).

Estamos, Señorías, ante un debate do primeiro ano de goberno do señor Feijoo, que nos expuxo esta mañá o que podemos xa considerar como o **discurso da reinvestidura**. Vostede mesmo recoñece que perdeu un ano de goberno.

Non atopo outro xeito de cualificar a súa intervención, mais propia dun presidente que vai iniciar unha nova lexislatura que de quen leva xa un ano no cargo.

Estamos a analizar a situación xeral de Galicia. E, lamentablemente, **a situación do noso país se expresa con absoluta claridade na taxa de paro rexistrado, que é de 234.171 persoas**. A cifra máis alta dende que existen estadísticas de paro rexistrado.

Nun ano de goberno quedou claro que a xestión do Partido Popular se caracteriza por unha inoperancia e unha incapacidade que é transversal a todas as políticas da Xunta de Galicia. Pero si hai un campo no que esta inoperancia e incapacidade resultan paradigmáticas, este é o campo da economía.

Poucas veces na historia viviu o mundo un momento económico tan delicado. A este desafío respondeu o goberno da Xunta co máis estrepitoso dos fracasos. Un goberno que ten sido incapaz de poñer en marcha unha política económica contra a crise. Un goberno que se ten limitado a xustificar a súa su falla de iniciativa cun halo de pretendida austeridade, e que o único que intenta é ocultar un panorama desolador en canto a coñecemento, ideas e iniciativa política.

O goberno do señor Feijoo deixou a Galicia sen política económica. Alí onde na lexislatura anterior nos preocupamos por construír un futuro económico para Galicia, impulsando a competitividade da nosa economía, a través do coñecemento e do diálogo social, o balance do Partido Popular é a día de hoxe un auténtico baleiro.

Na pasada lexislatura se puxeron en marcha iniciativas de calado económico como a definición do Marco Estratéxico de Convergencia de Galicia que marcaba a folla de ruta para o cambio de modelo económico de Galicia, o Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011 como resultado do esforzo posto no Diálogo Social, o Plan de Reequilibrio Territorial.

Frente a este inventario de actuacións, o goberno actual da Xunta de Galicia non presenta ningunha actuación relevante. Ben ao contrario, levan un ano tratando de desmontar todo o bo que en política económica se levara a cabo na lexislatura anterior.

Ideas unánimemente aplaudidas pola sociedade galega, como a creación da Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, apostando pola innovación e o coñecemento como follas de ruta hacia o futuro, desapareceron sen deixar rastro. O liderazgo de Galicia en enerxías renovables está a punto de pasar á historia; o parón do sector eólico augura unha travesía do deserto para un sector transcendental, pola súa aportación ao PIB e ao emprego e no que incluso tiñamos un relevante liderazgo tecnolóxico. **Nos últimos meses, Galicia só se fixo co 2,5% da potencia nacional en enerxías renovables, e perdimos a posición de cabeza no sector eólico a favor de Castela e León.**

Os esforzos en I+D, en formación e capital humano, e no impulso da iniciativa empresarial como elementos cruciais para o fortalecemento da nosa competitividade, caeron en saco roto.

As políticas específicas de resposta á crise brillan pola súa ausencia. Os orzamentos presentados para este ano apostan por un recorte indiscriminado de partidas, sen distinción entre investimento e gasto corrente, o que reflicte unha falla de perspectiva que non podemos deixar de observar con moita preocupación. Non se puxeron en marcha políticas contracíclicas que estimulen a nosa economía, limitándose unicamente a ocorrencias puntuais. Sirva como exemplo o Plan Renove de Industria que foi un espellismo que apenas durou tres meses.

E que dicir dos recortes na inversión pública, unha das principais palancas coas que conta o goberno para estimular a actividade económica. Abonda sinalar que mentras o Estado intensificou a licitación de obra pública na nosa comunidade, **a licitación da Xunta de Galicia caeu case un 60% o ano pasado**, deixando desamparado a un sector que sofre especialmente o embate da crise, provocando un importante aumento do desemprego, que se pode cifrar en 16.000 persoas.

Hai tres datos que clarifican perfectamente esta situación:

- **Licitación da Xunta no ano 2009: 537** millóns de euros.
- **Licitación do Estado: 1.509** millóns de euros.
- **Licitación dos concellos: 654** millóns de euros.

Mentras o Estado inviste nas infraestruturas do Ave, vías de alta capacidade, portos e aeroportos, a Xunta deixa de facelo nas infraestruturas que son da súa competencia.

Non hai exemplo máis ilustrativo que amose o desprezo da Xunta pola obra pública e a súa parálise e falla de iniciativa ante a crise. **E recórdolle que en Galicia temos neste momento case 38.000 persoas desempregadas no sector da construción.**

Con estes datos, non é de extrañar que haxa unha maioría de cidadáns galegos que digan que dende a Xunta non se está a facer nada.

Quen está apostando por Galicia e tirando da nosa economía é o goberno do Estado, directamente ou a través dos concellos, mentras a Xunta incumple cos seus cometidos.

XACOBEO

Foron incapaces de facer os deberes incluso en cuestións tan emblemáticas que teñen unha importante derivada económica. **Estoume referindo á planificación do Xacobeo, un elemento que podería ter actuado como elemento dinamizador ante a crise**, e que sen embargo está embarrancando pola inoperancia e a inacción do seu goberno. Sinxelamente, déixeme sinalarlle que no primeiro mes deste ano Xacobeo, **Galicia sufriu unha caída do 6% nas pernoctacións**, feito sorprendente que contrasta co repunte no resto do Estado. Como de mal o tería que ver vostede para ter que recurrir a Roma, nun desesperado intento de salvar os mobles. Acudiu vostede no séquito do arzobispo de Santiago, que, por certo, xa sabía algún días antes da confirmación da visita do Papa.

En resumo, señor Feijoo, malia a que vostede dixo ao comezo do seu mandato que en 40 días arranxaba a crise económica e o paro, Galicia está hoxe máis alonxada que nunca dese obxectivo. Se tivese que definir a súa política en materia de economía e de emprego, recurriría a parafrasear a iniciativa tan de actualidade de estoloarreglamosentretodos.org que no seu caso sería **arréglenelas como puedan.org**.

Os efectos desta falta de ideas e de iniciativa, xa son palpables nos indicadores económicos. Se nos anos que van **do 2006 ao 2008 Galicia estivo sempre entre as**

tres CCAA con maior crecemento económico, a día de hoxe a situación é ben distinta. Vostede está sendo o responsable de dilapidar o plus de crecemento económico de que disfrutábamós. Xa nas últimas cifras correspondentes ao crecemento do cuarto trimestre do 2009, Galicia está na mesma taxa que a media nacional, cunha caída do PIB do 3,1%.

Vostede recibiu o goberno dun país que estaba instalado no camiño da converxencia con España e con Europa. **A política económica do anterior goberno da Xunta propiciou que avanzásemos case 6 puntos na converxencia con España.** Con vostede este diferencial positivo eliminouse.

As previsións de futuro tampouco son halagüeñas. No primeiro proxecto de orzamentos que presentaron, apostaban por un crecemento do 0,8% para o 2010, cifra que se viron forzados a rebaixar pouco despois deixándoa nada menos que na cuarta parte, un 0,2%. Máis grave se cadra é a análise acerca da evolución da produtividade, variable que como sabemos mide o avance na nosa competitividade. Pois ben, **este mesmo organismo sitúa o crecemento da produtividade no 2009 nun rácano 0,9%, moi lonxe do crecemento a nivel nacional que resulta ser máis do triple e a anos luz doutras comunidades que chegan a acadar un aumento da produtividade do 6%.**

En definitiva, señor Feijoo, a súa xestión en termos económicos non pode calificarse precisamente de brillante. Heredou vostede unha economía, que como no resto do mundo, estaba azotada pola crise, pero con políticas ben articuladas e con elementos diferenciais que auguraban unha maior capacidade de resistencia, ademáis de contar co colchón da financiación europea. Pois ben, despois dun ano de ausencia de políticas e de ideas, os datos arrojan unha situación preocupante na que Galicia perde postos no concerto económico nacional e europeo.

SISTEMA FINANCIERO GALEGO

Señoras e Señores Deputados:

O sistema das entidades de aforro galegas está sometido a unha fortísima tensión, como sucede no resto de España. Temos que ser capaces, entre todos, de definir un futuro para as caixas de aforros, que garanta a súa solvencia e a súa galegitude. Pero entre todos quere dicir en primeiro lugar contando con elas, coa súa vontade. Un futuro realista, que teña en conta o marco financeiro nacional e internacional e represente un sólido compromiso con Galicia.

Temos que asumir a realidade do noso sistema de aforro, coas súas fortalezas e as súas debilidades. Non podemos construír solidamente o futuro se descoñecemos a profundidade das dificultades que afrontamos e o que pasa no noso entorno. Formamos parte dun Estado, con órganos independentes que supervisan e regulan, cun marco de distribución de competencias que debemos respectar. E con sistemas de apoio como o FROB, fundamentais en momentos tensos, que debemos aproveitar.

Hoxe sabemos todos que non hai atallos. Que só convencendo –e non vencendo– gañaremos o futuro. Pero se somos todos capaces de pormos de acordo sobre o que compre facer, iso será o decisivo. Garantir o futuro das nosas caixas de aforros só se pode lograr desde o consenso, traballando os acordos no que elas participen. Nós

ofrecémonos para colaborar nesa imprescindible e urxente tarefa. Non permita que a soberbia volva a cegar o seu xuízo e acepte este ofrecemento.

Asegúrolle tamén que o PSdG apoiará calquera solución que acepten as caixas, garantindo a súa solvencia e a súa galeguidade. De mutuo acordo, calquera cousa é posible. Sen ameazas, sen trampas, coas cartas boca arriba, cumprindo coa Constitución e a lexislación básica do Estado.

POLÍTICAS SOCIAIS

Señorías:

O que verdadeiramente nos preocupa aos socialistas galegos é o retroceso de Galicia. Un retroceso que non atinxe só á coxuntura económica e ao paro, senon tamén ás políticas sociais, que son as que mais se precisan neste período de crise, e son as políticas que debe garantir un goberno con sensibilidade cara aos seus cidadáns.

Vai facer un ano da súa toma de posesión e hoxe son 250.000 as galegas e galegos doentes os que xa saben que o seu compromiso non só non se cumpriu, senon que teñen que esperar máis tempo que hai un ano para ser operados ou para ser atendidos por un especialista.

Por primeira vez en 5 anos empeorou a lista de espera cirúrxica e de primeiras consultas de especialistas, que viña paulatinamente descendendo cada ano, dende o 2006.

Hoxe hai máis pacientes esperando unha intervención cirúrxica que fai un ano.

Dende que vostede ten a responsabilidade de presidir a Xunta, na metade dos hospitais de Galicia empeorou ata límites preocupantes a espera cirúrxica, acadando o 40% de incremento nalgúns casos.

Hoxe, señor Presidente, das 32 especialidades médicas que atende o Sergas, a situación empeorou en 25. E empeorou tamén en 11 dos 14 hospitais que hai en Galicia.

Señor Presidente, hai pacientes que deben agardar máis de 13 meses, **imáis dun ano!**, para unha primeira consulta en Ciruxía Vascular.

Estas son as consecuencias que están a sufrir os miles de galegas e galegos que precisan atención sanitaria, **por mor do recorte orzamentario nesta materia, pola supresión da actividade nos centros pola tarde desviando unha parte á atención privada e pola non renovación de contratos a máis de 100 especialistas de hospital.**

Coa súa política, señor Feijoo, **está contribuíndo a que haxa galegos de 2ª en atención sanitaria hospitalaria**, como lles sucede aos da Costa, aos de Monforte, aos da Coruña, aos de Santiago, ou aos do Salnés, que son os hospitais cos peores ratios en listas de espera.

O certo, señor Presidente, é que os datos que nos ofrece da sanidade pública galega despois dun ano de xestión son os peores dos últimos 5 anos, e este é un estrepitoso fracaso do seu modelo.

Un modelo que, ademáis, hipoteca o futuro da sanidade pública, porque ao privatizar os novos hospitais, o mesmo servizo costa catro veces máis.

EDUCACIÓN

Señorías:

Se hai un baremo para medir a situación dun país e as súas perspectivas de futuro, ademáis da economía, ese é o da educación.

Non só é unha prestación esencial, é un servizo prioritario, que debe garantir antes que nada a calidade, a equidade, a gratuidade e a excelencia.

Estes son os catro pilares dun sistema educativo que está a recibir en Galicia un dos maiores ataques frontais que nunca se teñan realizado no noso país.

Hai tres fitos claves que poñen en xaque o noso modelo educativo:

- **Supresión do dereito á gratuidade dos libros de texto.**
- **Redución por primeira vez na historia da nosa comunidade dos orzamentos da Consellería de Educación.**
- **O proceso de implantación dun novo Decreto do Galego no ensino.**

Tres decisións relevantes que tiveron como detonante protestas masivas por parte da comunidade educativa, pero tamén da sociedade galega e das súas institucións mais representativas, como aconteceu co novo Decreto do Galego.

O **Proxecto de Decreto de Pluringüismo** que presentou o conselleiro de Educación o sábado pasado reinstaura o conflito lingüístico e a confusión nas aulas.

Con isto, vostedes eluden as súas responsabilidades de goberno e as trasladan aos país e aos centros, asumíndoos nun caos sen precedentes. Non se lles ocorreu preguntarlles, sen embargo, se estaba dacordo coa supresión da gratuidade dos libros de texto.

Consuman a ruptura do consenso social respecto da nosa lingua. E traizonan o acordo unánime das forzas políticas galegas acadado no ano 2004 no Parlamento Galego, co que certifican a defunción do Plan de Normalización da Lingua.

O Galego, con vostedes, volve a ser unha lingua inferior. Denostada.

Señor Feijoo:

A vostede gústalle moito reiterar que non lle vai pagar os libros de texto aos fillos dos deputados. **Pero resulta que somos 75 os deputados desta cámara, e non 54.000**

que son os alumnos aos que se lles suprimiu o dereito á gratuidade dos libros de texto neste curso. Son mileuristas, que están fóra do seu modelo máis propio dun sistema de beneficencia que dun sistema universal e gratuito, que é o modelo que nós propugnamos.

Este curso, que empezou mal e que veremos aínda como acaba, está a ser o ensaio xeral para defenestrar o sistema Educativo Público. As pegadas que vai dando o conselleiro de Educación son craras: **mentras baixan os orzamentos do sistema Educativo Público, suben os orzamentos adicados á ensinanza privada, e renovan os concertos cos centros que segregan alumnos en función do seu sexo.**

A regresión nesta materia é absoluta. Vou poñer algún exemplos:

- Recorte nun 25% dos cadros de persoal dos Centros de Formación do Profesorado.
- Incremento de prezos nos comedores escolares.
- A Consellería segue sen facerse cargo da Educación Infantil de 0-3 anos.

A vostedes gústalles moito o engano. Queren aparentar que van moi por diante dos demais, pero á hora da verdade, non pasan das primeiras declaracións propagandísticas.

E con isto estoume referindo á aprendizaxe das linguas estranxeiras. Incluso chegan a utilizar a lingua inglesa en contraposición ao galego. Pero a realidade do seu aprezo pola aprendizaxe dos idiomas ven recollida perfectamente nas tres iniciativas que a Consellería puxo en marcha ao respecto:

- **Reducción dun 30% das partidas adicadas a formación do Profesorado.**
- **Reducción das prazas de estadias no estranxeiro.**
- **Supresión dos intercambios de centros educativos do noso país con centros homologados do estranxeiro.**

UNIVERSIDADE

A aposta da Consellería pola sociedade da innovación e o coñecemento queda ben patente no orzamento previsto para as tres universidades galegas, que tiveron que reducir unha parte importante das súas actividades de investigación.

Señorías:

A dereita, que representa o Partido Popular, tivo sempre un certo recelo da esquerda con respecto á defensa das políticas sociais.

Para a inmensa maioría da sociedade o PP é o partido que menos se interesa polas prestacións sociais, e esta percepción das galegas dos galegos non é un tópico, senon que ten unha base real. Ao xa dito sobre a sanidade e a educación, podémolo ampliar á dependencia, aos centros de día e residencias para maiores, á vivenda, á emigración e á igualdade home-muller.

Suprimen o Servizo Galego de Igualdade.

Nun ano non foron capaces de crear **nin un só novo centro de día, nin unha soa nova residencia**, e tampouco construíron nin proxectaron **nin unha soa nova vivenda social**.

Pero eso sí, modificaron substancialmente a prestación sanitaria aos emigrantes galegos de Bos Aires, **privatizando a xestión do Hospital do Centro Galego desta cidade, nunha operación non autorizada polo Consello da Xunta e que obrigará a transferir 27 millóns** de euros.

DEPENDENCIA

Señor Presidente da Xunta:

Deixe a inxeñeiría contable e asuma a realidade de que hai 53.468 persoas que deben recibir a prestación pola Lei de Dependencia, pero realmente as reciben 30.657. é dicir, **existen da orde de 22.000 galegas e galegos esperando percibir a súa prestación**. E isto representa o 43%, que é 11 puntos superior á media de España.

E se nos comparamos con comunidades como Andalucía, A Rioxa, Castela-León ou o País Vasco, a porcentaxe de dependentes esperando percibir a súa prestación é catro veces maior en Galicia.

Mentres en Galicia o incremento das prestacións no pasado ano foi do 22%, o incremento da media estatal foi do 64%.

E con vostede en tres meses destruíronse 3.000 postos de traballo en políticas sociais.

INFRAESTRUCTURAS E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Señorías:

Coincidirán conmigo que o feito mais reseñable do que vai de legislatura en materia de infraestructuras en Galicia é o compromiso do ministro de Fomento para poñer en marcha a liña de Alta Velocidade. O investimento de preto de 5.000 MM€ fará posible que a liña do AVE entre Ourense e Santiago estea operativa o próximo ano. Que no 2012 entre en funcionamento a rede galega. E que no 2015 estemos conectados coa Meseta.

Non podo máis que amosar a miña satisfacción polo acordo suscrito entre o Ministerio de Fomento e a Xunta sobre o investimento e os prazos de execución desta obra emblemática que vai cambiar o destino de Galicia.

No ano 2009 e neste que estamos a responsabilidade e o compromiso con Galicia levouno o Goberno central: AVE, autovías, porto exterior, aeroportos. Mentres, a Xunta reduciu un 60% a licitación de obra pública.

A modernización das infraestruturas de Galicia, viuse abandonada por un goberno que non só non licitou, senon que paralizou proxectos de gran interese.

O compromiso iniciado polo goberno anterior de levantar peaxes quedou paralizado. Demandamos que se priorice e se axilice a xestión para suprimir a peaxe do tramo de autoestrada Lalín-Santiago.

As infraestruturas representan o futuro deste país. Un país que ten avanzado na súa vertebración, pero que agora está a sufrir unha ralentización considerable, que vai acentuar aínda máis a xa histórica eiva que ten Galicia nesta materia.

PRAZOS

Do mesmo xeito a como o fixo o Goberno central, a Xunta debe fixar os prazos para a execución e o remate das principais infraestruturas de Galicia.

Un dos retos inaprazables é o da mobilidade. Hai proxectos importantes para o transporte público comarcal e urbano que só figuran no enunciado, pero sen concreción algunha para a súa execución. E neste primeiro ano de goberno non se avanzou absolutamente nada neste sentido.

GRANDES CIDADES

Nas sete grandes cidades e nas súas áreas metropolitanas viven mais da metade dos galegos. Durante o último ano foron ignorados pola Xunta. Nin investimentos, nin axudas. Problemas de accesibilidade, de equipamentos, de servizos, non pasaron da fase de anuncios publicitarios.

As áreas urbanas son o motor económico e social de Galicia. Cooperar no seu desenvolvemento e impulsar a súa capacidade de crecemento, repercutirá no PIB, no emprego, na calidade de vida.

Por iso propoñemos que a Xunta deseñe un "Plan especial de apoio ás áreas urbanas" co orzamento suficiente para:

1. **Abordar os investimentos en estradas e infraestruturas** que melloren a accesibilidade entre núcleos urbanos ás zonas industriais e ás áreas residenciais do seu entorno.
2. **Implantar o transporte metropolitano integrado** punto a punto, sen transbordo e crear estacións intermodais.
3. **Cooperar cos concellos nos grandes equipamentos** de carácter cívico e cultural.
4. **Establecer convenios cos concellos** para rehabilitación e mellora da habitabilidade dos barrios que contemplan medidas de equipamentos, mellora do espazo público e humanización do entorno.

CONCELLOS

Galicia precisa unha reforma da Administración, fundamentalmente, da Administración Local. Temos máis de 200 concellos con menos de 5.000 habitantes. E destes, preto de 100 non chegan aos 2.000.

ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Os socialistas galegos vimos de propoñer **un acordo en materia de ordenación do territorio**. Para o PSdeG é unha cuestión de país que non pode esperar máis. Cremos necesario crear un marco estable para organizar as Directrices de Ordenación do Territorio, o Plan do Litoral e a Lei do solo, co fin de dar seguridade xurídica aos galegos, garantir o respecto polo medio ambiente e favorecer un crecemento sostible en Galicia nos próximos 30 anos. Este é o obxectivo do Pacto polo Territorio proposto polo PSdeG, que esperamos que fructifique na súa totalidade e o máis axiña posible, aínda que sabemos que hai aspectos que requiren un maior esforzo de entendemento.

MEDIO AMBIENTE

Señorías:

O medio ambiente e o desenvolvemento sostible deixou de ser unha prioridade para a Xunta de Galicia. E non é só o feito de que desaparecese como consellería, senon a constatación de que as políticas medioambientais non lle interesan ao señor Feijoo.

De feito, a xestión do conselleiro nesta materia resúmese nunha frase: **paralización de todas as políticas medioambientais de Galicia.**

- **Paralizouse o Plan de Xestión de Residuos Urbanos.** O novo plan aposta claramente pola incineración
- **Paralizouse o Plan Galego de Acción Fronte ao Cambio Climático.**
- **Paralizouse o Plan Sectorial Hidroeléctrico da Bacía Galicia-Costa,** non sabemos moi ben se coa escusa de conceder mais minicentraís.

MEDIO RURAL

Señorías:

A crise que padece Galicia afecta a todos os sectores, pero resulta especialmente grave no caso do mundo rural. **Aos abandonos da actividade agrogandeira e forestal, provocados pola actual coxuntura económica galega, hai que sumar os abandonos producidos por unha estrutura territorial, administrativa e poboacional avellentadas.**

Os cambios estanse a producir neste sentido de xeito inexorable. A poboación galega abandona o rural para asentarse nas cabeceiras das comarcas. Hai un 15% máis de lugares abandonados que a comezos deste século.

A configuración histórica dos asentamentos rurais en Galicia está a mudar de xeito acelerado. E isto, sumado ao excesivo parcelamento do territorio, da como resultado un desequilibrio territorial que se acentúa máis cada día e impide desenvolver con harmonía o país.

Estamos, pois, diante dun dos problemas que debemos resolver en Galicia de forma perentoria, e que ningunha administración quixo acometer con rigor e perspectivas de solución ata o día de hoxe. **É, sen dúbida algunha, unha das reformas estruturais máis acuciantes que é preciso abordar no noso país.**

Se non artellamos Galicia e non somos capaces de mellorar as condicións de benestar e incrementar as posibilidades de creación de emprego dese tercio da poboación que reside nos 2/3 do territorio non conseguiremos un desenvolvemento que sexa sostible e rache coa dicotomía da Galicia do interior e a Galicia do litoral.

É preciso acometer determinadas infraestruturas, tanto viarias como telemáticas e doutros servizos. **E é preciso apoiar e introducir reformas que garantan unha maior rendibilidade do sector agrogandeiro e forestal.**

Este é o camiño que hai que seguir, pero non é o que está a facer este goberno. **As explotacións gandeiras están a soportar situacións límite e arredor de 1.000 explotacións botaron o peche no ano 2009**, ao non poder facer fronte aos préstamos contraídos despois de moitos meses dando perdas polos baixos prezos que non cubren os custes de produción.

Na crise do sector lácteo a Xunta non estivo á altura do que representa este sector estratéxico para Galicia. Por iniciativa do PSdeG e presión dos propios gandeiros acabaron concedendo unha pequena axuda, absolutamente insuficiente. Desinteresáronse pola consecución de contratos homologados, e boicotearon un proxecto para transformar máis de 500 millóns de litos anuais de leite, que integraba a máis de 20 cooperativas e podería ser o xerme do grupo lácteo galego vertebrador do sector en Galicia.

Tamén están en perigo uns 3.000 empregos no sector forestal, acuciado pola crise e a carencia dunha política axeitada nesta materia.

A política gandeira non pode basearse nos recortes das axudas á incorporación de xente nova, nin tampouco das partidas para redimensionar, mellorar a competitividade e diversificar as explotacións, porque entón estamos impedindo o rexuvenecemento e a modernización do sector.

Pero o máis sorprendente de todo é o recorte de 8,7 millóns de euros no servizo de prevención de incendios, silvicultura preventiva, repoboacións, infraestruturas de prevención e protección dos núcleos rurais. A súa opción son mais medios de extinción. Veremos cando chegue o verán, despois dun inverno con tanta auga, se os montes non son auténticas caldeiras de combustión.

Abandonar a política preventiva é unha pésima decisión, ademais de deixar de crear postos de traballo no mundo rural, precisamente, neste momento de crise.

PESCA

Señorías:

Se hai unha medida inexplicable por parte deste goberno vencellada coa pesca, esa é a **anulación da base de salvamento e do helicóptero da Costa da Morte.**

A flota de baixura e artesanal, con barcos que teñen mais de 30 anos, está esperando fondos para a súa renovación. Pero isto non é posible porque se optou por aceptar o **Plan de Adaptación de Flota (PAF), que supón destruír 37 buques de altura e gran altura, con custe de 44 millóns de euros**, ademais da perda de 300 postos de traballo directos e outros indirectos. Todos os recursos da Consellería do Mar están destinados a desmantelar esta flota, propiedade de grandes armadores e empresas pesqueiras, con barcos que apenas teñen 12 anos.

E non podo deixar de resaltar o bloqueo de 2.200 embarcacións pendentes de regularizar na Consellería. Se non o fan antes do mes de maio, non poderán saír a faenar e significará o "peche patronal" de 2.000 pequenas empresas familiares.

PLAN ACUÍCOLA

Con todo, o feito máis destacable da Xunta neste último ano en materia do mar é, sen embargo, **a anulación, de facto, do Plan Galego de Acuicultura.** De entrada, supón retrasar máis de 20 proxectos, cun investimento previsto duns 300 M€. E o que é aínda peor, pode supoñer que algúns deles busquen outras ubicacións fóra de Galicia.

O Plan Galego de Acuicultura elaborado polo anterior Goberno contaba con todos os avais de sostibilidade ambiental, de seguridade xurídica e de titularidade pública dos terreos. Algo que non sucede co novo Plan, **que permite a especulación do chan costeiro** e pode ser destinado a outros fins distintos do estrictamente acuícola, como sucedía no anterior.

Retrasan proxectos, pospoñendo a creación duns 2.000 postos de traballo directos e máis de 3.000 indirectos.

Esta e non outra é a razón desta anulación, que dilata o desenvolvemento acuícola en Galicia, de forma semellante a como o fai a anulación do **Plan Eólico** no desenvolvemento das novas enerxías. Dous sectores estratéxicos en dificultades por mor da teima do señor Feijoo e do seu goberno en introducir cambios nos plans respectivos para favorecer determinados intereses.

CULTURA

Señoras e Señores Deputados:

O que está a suceder en Galicia no ámbito cultural non ten parangón con ningunha etapa anterior do Goberno galego. Abonda con dicir que a estas alturas, cando vai transcorrido

un ano, hai organismos que aínda non teñen dirección, e outros que si a teñen, ou non fan nada ou non saben que facer.

A Consellería de Cultura, a verdade, é unha incógnita. Mesmo semella ser un departamento surrealista, onde se di unha cousa un día como a contraria ao día seguinte.

A pregunta que todos nos facemos é ¿cal é a política cultural da Xunta de Galicia? Pero ninguén o sabe. Nin siquiera o conselleiro, que neste tempo ten recibido críticas de todo o sector polos mais diversos motivos: escritores, actores, músicos, cineastas.

Non hai política cultural. Cando mais, declaracións de intencións, ocorrencias e despropósitos. Pero nada concreto que supoña promover a cultura galega en todas as súas facetas.

Isto é o que ten que facer a Consellería de Cultura: **promover a cultura galega**, e facelo dentro e fóra de Galicia, dinamizando e incentivando a vida e a industria cultural, que tan necesitadas están do apoio da Xunta.

E que dicir da Cidade da Cultura. O monumento ao afán megalómano do PP de Galicia. **O maior despilfarro da historia da Auntonomía galega**, que pagamos todos, que pagarán os nosos fillos e seguirán pagando os nosos netos. Vostedes a crearon sen saber moi ben para que, e dez anos despois daquela "brillante" idea.

Señorías:

Xa me referín ao comezo desta exposición á pésima planificación do Xacobeo. Se no ámbito económico e turístico non parece que vaia a dar os froitos esperados, no cultural o resultado vai ser aínda máis cativo.

AVALIACIÓN XERAL

Señor Núñez Feijoo:

Son moitos os motivos que nos deron e nos están dando vostedes para criticar o seu primeiro ano de Goberno.

Galicia está hoxe moito peor que hai un ano. Isto é un feito irrefutable e non hai máis que botar man das estadísticas.

TRATAMENTO

Señor Presidente da Xunta:

Non foi este último un bo ano para Galicia, pero aínda estamos a tempo de enderezar o rumbo se toma vostede as medidas adecuadas.

Debe reconducir a situación especialmente na política económica, e para isto quero ofrecerlle a colaboración do Grupo Socialista, asinando un Pacto Polo

Emprego e a Reactivación da Economía Galega, con propostas e compromisos concretos.

GARANTIZAR A LIQUIDEZ ÁS EMPRESAS

Un dos problemas que lastran a recuperación económica é a dificultade das empresas para obter a liquidez que precisan, por máis que sexan sólidas e viables. Debemos facer un esforzo, utilizando todas as armas que a administración autonómica ten nas súas maos –como fai o Estado co ICO. Nós propoñémoslle que dous programas, de subsidios en créditos para autónomos e micro empresas e de avais, que xa viñan funcionando, sexan ampliadas en tempo e en recursos, para mobilizar 1.200 millóns de euros ao longo de todo ao ano 2010.

Propómoslle tamén que facilite o desconto dos contratos e subvencións da administración autonómica nas entidades financeiras, con aval do IGAPE e impulse a súa extensión á local.

LOITA CONTRA O PARO E A CRISE ECONÓMICA

É preciso poñer en marcha un Plan de Creación e Mellora do Emprego, que debe contemplar as seguintes medidas:

- Medidas específicas de axudas á contratación dos colectivos con máis difícil inserción.
- Establecer incentivos adicionais para a contratación dos xóvenes en paro.
- Establecer incentivos adicionais para a contratación de parados de longa duración.
- Establecer un Sistema de Protección Social para os traballadores que xa esgotaran as súas prestacións.

1. Desenvolvemento dos sectores industriais:

- Plan de Apoio os Sectores Estratéxicos en Dificultades.
- Plan específico para empresas de base tecnolóxica.
- Apoio a implantación de vehículos eléctricos en Galicia.
- Programas de eficiencia enerxética en edificacións.

2. Maior desenvolvemento do I+D+i:

- a. Un Plan de consolidación de emprego nas unidades de I+D+i no sistema universitario e outros organismos de investigación.
- b. Plan específico para potenciar os programas de I+D+i na aplicación de enerxías renovables e da eficiencia enerxética.
- c. Fomentar os grupos de investigación de excelencia, a mobilidade e a internacionalización dos nosos investigadores.

3. Internacionalización das empresas galegas:

- a. Plan de internacionalización das empresas galegas.
- b. Garantir que as subvencións públicas non podan conlevar procesos de deslocalización.

4. Desenvolvemento dun sistema comercial máis competitivo:

- a. Plan integral de mellora da competitividade das micropemes comerciais.
- b. Fomentar o asociacionismo comercial para favorecer as centrais de compras e a negociación centralizada cos provedores.

5. Impulso á licitación pública

- a. Aprobar un Plan de Impulso da licitación da obra pública, que comprometa ao menos a cantidade de 1.300 millóns de euros no 2010 por parte da Xunta.

6. Racionalización da Administración

- a. Aprobar un Plan de Racionalización do sector público institucional, eliminando duplicidades innecesarias e simplificando o número de entes, sociedades e empresas dependentes da Xunta.
- b. Suprimir as figuras dos cinco Delegados Territoriais e dos seus respectivos gabinetes técnicos e asesores, dado que xa existen os xefes territoriais dependentes de cada consellería.

ESTATUTO E IDENTIDADE

O futuro de Galicia debe sustentarse sobre unha base económica sólida e duradeira. Pero Galicia, máis que nunca, precisa un pulo no seu autogoberno que incremente a capacidade de financiamento e acade o teito competencial en consonancia coa Constitución Española.

A reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia non debe agardar máis, porque estaremos impedindo que progrese como país e asumamos plenamente a nosa capacidade de autogoberno.

As nosas institucións, a nosa lingua e cultura, e o noso patrimonio precisan valorizarse. Son os sinais da nosa propia identidade e son tamén instrumentos para desenvolvernos como país.

Pero para isto temos que poñer os medios necesarios e seguir o camiño axeitado, e a reforma do noso Estatuto atópase nel.

DEMOGRAFÍA

Galicia é unha bomba demográfica, con taxas de fecundidade do 1,1. Hai que poñer en marcha un grupo de traballo que promova políticas activas para favorecer a natalidade. Políticas que teñen que ir mais alá das axudas directas por cada nacemento, senon que deben contemplar sistemas de becas de estudos, conciliación da vida familiar e laboral, e escolas infantís de 0 a 3 anos.

REMATE

Señorías:

En 45 minutos, intentei expresar a nosa preocupación pola situación de Galicia. Perdimos un ano en paralizacións, confrontacións e demolicións.

Vostede, señor Presidente, ven hoxe a confirmar que este ano foi perdido e ven tamén a pedir unha segunda oportunidade nun novo discurso de investidura.

Señorías:

Dende unha visión crítica, quero rematar expresando o compromiso con Galicia, e cando queira buscar acordos, co seu goberno. Dende a realidade, dende a aportación de solucións ás galegas e galegos, traballando para afrontar o principal problema: "A Crise", e facendo dun novo modelo económico para Galicia a vía para impulsar un país competitivo, responsable socialmente e comprometido medioambientalmente.

Moitas gracias.